

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

Francisco Dubert García (2015): “Cambio e estrutura na morfoloxía verbal do galego”. *Simposio ILG 2015. Cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela, 16-25 novembro 2015



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

Cambio e estrutura na morfoloxía verbal do galego

Francisco Dubert-García

Instituto da Lingua Galega-Universidade de Santiago de Compostela

Esta presentación forma parte do proxecto "Cambio lingüístico no galego actual", Ministerio de Economía y Competitividad del Gobierno de España, FFI2012-33845; recibiu tamén o apoio da Xunta de Galicia, GRC2013/40, e dos fondos FEDER.

Vou presentar as interaccións entre cambio lingüístico e lingüística sincrónica:

i.e.,

a utilidade do cambio para establecer a estrutura dunha palabra complexa

Farei isto presentando algúns problemas da morfoloxía verbal do galego. Un paradigma verbal galego ten, aproximadamente, 58 formas, repartidas por varios tempos, modos, formas finitas, non-finitas, números, persoas...

Estas formas permiten ricas interaccións dentro dos paradigmas verbais e entre paradigmas verbais.

Farei unhas reflexións históricas sobre as orixes da nosa disciplina

Presentarei dous modos de entender a morfoloxía

Optarei por un destes modos, concretamente pola Lingüística Baseada no uso e mostrarei por que considero este modelo mellor có outro.

Por certo: a historia mostraranos que non hai nada novo baixo o sol,
VANITAS VANITATUM

As ideas recibidas

A **linguaxe** en Saussure (1916: 117)

“[A linguaxe] En cada instante implica, ao mesmo tempo, un sistema estábel e unha evolución; en cada momento, é unha institución actual e un produto do pasado. Semella, á primeira vista, moito sinxelo distinguirmos entre este sistema e a súa historia, entre o que é e o que foi. **Mais, na realidade, a relación que une esas dúas esferas é tan estreita que custa moito separármolas**”.

A **lingua** en Saussure

“Ao mesmo tempo, [a lingua] é un produto social da facultade da linguaxe e un conxunto de convencións necesarias, adoptadas polo corpo social para permitir aos individuos o exercicio desta facultade” (1916: 118).

As ideas recibidas

A **lingua** como obxecto social (Saussure 1916: 122-123 *passim*):

“Entre todos os individuos así ligados pola linguaxe, **estabelecerase unha sorte de media**: todos reproducirán —con certeza non exactamente, mais aproximativamente— os mesmos signos unidos aos mesmos conceptos”.

“É grazas ao funcionamento das facultades receptiva e coordinativa que se forman nos suxeitos falantes marcas **que chegan a ser sensibelmente as mesmas en todos**. [...] Se puidésemos reunir **a suma das imaxes verbais almacenadas en todos os individuos**, encontraríamos **o vínculo social que constitúe a lingua**. É un tesouro depositado pola práctica da fala nos suxeitos que pertencen a unha mesma comunidade, un sistema gramatical que existe virtualmente en cada cérebro, ou máis exactamente, nos cérebros dun conxunto de individuos; porque **a lingua non está completa en ningún, non existe perfectamente máis do que na masa**”.

As ideas recibidas

**Os estados de lingua. A lingüística estática (sincrónica).
A lingua *construída* como obxecto sen variación nin cambio**

“Un estado [de lingua] absoluto defínese pola ausencia de alteracións, e como, a pesar de todo, a lingua se transforma por pouco que for, **estudarmos un estado de lingua equivale practicamente a obviarmos as mudanzas pouco importantes**” (Saussure 1916: 231-232).

“A noción de estado de lingua só pode ser aproximativa. **En lingüística estática**, como na maioría das ciencias, **non é posíbel ningunha demostración sen unha simplificación convencional dos datos**” (Saussure 1916: 231-232).

Modelos de descripción morfolóxica (Pena 1990)

Item e ordenación

Cada morfema (sexa radical ou afixo) ten un lugar preestablecido no marco da palabra; cómpre describir as condicións da súa aparición: *distribución complementaria*.

[R +VT +SMT +SNP]

[cant +∅ +∅ +o]

[cant +a +ba +mos]

Item e proceso

Parte dunha forma básica, que vai sendo modificada paulatinamente mediante procesos, moitas veces aditivos, outras veces modificadores, ata chegar á forma final.

inutilizaron

$_{\text{ADX}}[\text{util}] > _{\text{ADX}}[\text{in+util}] > \text{v}[_{\text{ADX}}[\text{inutil}]+\text{iz-a}] > \text{v.3PL.IND.PLPF}[\text{v}[\text{inutiliza}]+\text{ron}]$

satisfixeron

$[[\text{satis}]+\text{v}[\text{fac-e}]] > \text{v}[\text{satisfac-e}] > \text{satisfag+o}, \text{satisfix-e+n}$

Estes dous modelos adoitan partir da existencia dun *lexicón* que contén un conxunto de *morfemas*, radicais e afixos, que se xuntan e se combinan por medio das *regras da morfoloxía* (unha parte da *gramática*).

Simplificando, os morfemas preexisten ás palabras, pois son as unidades básicas.

Palabra e paradigma

Parte da palabra e do paradigma como unidades básicas.

É un modelo creado fundamentalmente para a morfoloxía flexiva.

A lingua necesita formas de palabra para expresar palabras morfosintácticas

Palabra		
Palabra morfosintáctica		Forma de palabra
Propiedades morfosintácticas	Lexema	
1SG.IND.PRS	Verbo <i>cantar</i>	<i>canto</i>
1PL.SBVX.PRT	Verbo <i>comer</i>	<i>comésemos</i>
1PL.IND.FUT	Verbo <i>vivir</i>	<i>vivirei</i>

P2 Singular Pretérito Indicativo

/ kif

ε

t̂jes /



Neste contexto é onde temos que situar a *morfloxía*.

Dúas definicións de Morfloxía que ofrecen Haspelmath e Sims (2010)

- **A morfloxía é o estudo da covariación sistemática na forma e no significado das palabras (p. 2).**
- **A morfloxía é o estudo da combinación dos morfemas para producir palabras (p. 3).**

Todas inclúen a noción de **palabra, pero non a de morfema!!!**

Dous tipos de morfoloxía

Definición 2 (“covariación sistemática”), toma como **base a palabra**.
Denomínase **paradigmática** (Haspelmath 1995) ou **abstractiva** (Blevins 2006).

Definición 3 (“combinación de morfemas”), toma como **base o morfema**.
Denomínase **sintagmática** (Haspelmath 1995) ou **construtiva** (Blevins 2006).

Aquí quero mostrar como o cambio lingüístico nos pode axudar a defender un destes modelos, concretamente, **a morfoloxía abstractiva ou paradigmática**.

- Ora ben, o cambio lingüístico é un concepto que asociamos á ***diacronía***
- A estrutura das palabras tal e como están almacenadas no saber dos falantes é un concepto que asociamos á ***sincronía***


¿De que xeito o **cambio** (*diacronía*) ilumina a estrutura das palabras nun **estadio de lingua** (*sincronía*)?

Teoricamente, deberíamos ser capaces de establecer a estrutura das palabras con independencia da súa historia.

As ideas esquecidas. Saussure (1916)

Relacións asociativas

“Fóra do discurso, as palabras que ofrecen algo en común asóciáanse na memoria, formándose así grupos en cuxo seo reinan relacións moito diversas. Deste modo, a palabra *ensinamento* fará xurdir inconscientemente, perante o espírito, unha cantidade doutras palabras (*ensinar, reensinar* etc., ou ben *armamento, tratamento* etc., ou ben *educación, aprendizaxe*) e, dunha maneira ou doutra, todas teñen algo en común” (p. 258).



“Por tanto, imos achar tanto comunidade dupla de sentido e de forma, quer comunidade de forma ou de sentido unicamente...” (p. 261)

As ideas esquecidas. Saussure (1916)

- O papel da memoria
- Para extraer a estrutura dun sintagma fai falta acudir ó material que o falante almacena na memoria:

“Temos que atribuír á lingua e non á fala todos os tipos de sintagmas construídos sobre formas regulares. Efectivamente, como non hai nada de abstracto na lingua, estes tipos non existen a menos que a lingua teña rexistrado un número suficientemente grande de especimes. Cando unha palabra cal *indecorábel* xorde na fala, supón un tipo determinado, e este, por súa vez, unicamente é posíbel pola **lembranza dun **número suficiente** de palabras parecidas pertencentes á lingua (*imperdoábel, intolerábel, infatigábel* etc.). **Ocorre exactamente o mesmo con frases e grupos de palabras establecidos sobre padróns regulares;** combinacións como *a terra xira, que vos di el?* etc., responden a tipos xerais, que igualmente **se apoian na lingua a forma de lembranzas concretas**” (p. 260).**

As ideas esquecidas. Saussure (1916)

Solidaridad sintagmática

“Unha unidade como *desexoso* componse de dúas subunidades (*desex-oso*), mais **non son dúas partes independentes engadidas simplemente a unha á outra** (*desex+oso*): é un produto, una combinación de dous elementos solidarios que **só teñen valor mediante a súa acción recíproca nunha unidade superior** (*desex X oso*). O **sufixo**, tomado **isoladamente**, é **inexistente**, xa que o que lle confire o seu lugar na lingua é unha serie de termos usuais tales como *calor-oso*, *mentir-oso* etc. Por súa vez, o radical non é autónomo, pois unicamente existe a través da súa combinación cun sufixo”. (p. 263).

Curiosamente, o estruturalismo posterior

A) mantivo a oposición saussureana **diacronía** vs. **sincronía**

B) esqueceu as relacións asociativas saussureanas. Seguindo a Hjelmslev e para evitar o **mentalismo**, primáronse as relacións **paradigmáticas** sobre as **asociativas**:

o neno > nen- > nen-o, nen-a, nen-ez, nen-iñ-o, nen-iñ-a, nen-ad-a

un neno

este neno

ese neno

algún neno

Isto fixo profundizar no **MÉTODO DA SEGMENTACIÓN e CONMUTACIÓN**, na análise de constituíntes e o interese por encontrar **UNIDADES DISCRETAS**.

Na morfoloxía a poder ser con relación un a un entre significado e significante.

ASÍ SE XUSTIFICA A MORFOLOXÍA SINTAGMÁTICA OU CONSTRUTIVA

- O método da segmentación e conmutación aplícase con criterios **lóxicos**.
- Desde que temos UNIDADES **loxicamente** segmentadas e identificadas, podemos propor que as unidades complexas sexan agrupacións ACCEPTABLES destas unidades máis simples.

No caso das palabras: radicais e afixos.

- A gramática é a parte da facultade da linguaxe que as liga.
- Esta é unha visión construtiva/sintagmática da morfoloxía.

Tomemos Ind.Prs do verbo regular *bater*

<i>bato</i>	comparado con <i>bate</i> ou <i>bata</i>	pode segmentarse en <i>bat-o</i>
<i>bates</i>	comparado con <i>bato</i> , <i>bata</i> , <i>batemos</i>	pode segmentarse en <i>bat-e-s</i>
<i>batedes</i>	comparado con <i>batades</i> , <i>batemos</i>	pode segmentarse en <i>bat-a-des</i>

Deste xeito	segméntase como	o que produce os afixos
<i>bato</i>	<i>bat-o</i>	-o
<i>bates</i>	<i>bat-e-s</i>	-e, -s
<i>bate</i>	<i>bat-e</i>	-e
<i>batemos</i>	<i>bat-e-mos</i>	-e, -mos
<i>batedes</i>	<i>bat-e-des</i>	-e, -des
<i>baten</i>	<i>bat-e-n</i>	-e, -n

Ás veces a segmentación non é transparente e dá orixe a análises diverxentes

R	VT	MT	NP
bat	í	∅	n
bat	i	∅	ches
bat	e	∅	u
bat	e	∅	mos
bat	e	∅	stes
bat	e	∅	ron

R	VT	MT	NP
bat	í	∅	n
bat	i	che	s
bat	e	∅	u
bat	e	∅	mos
bat	e	s	tes
bat	e	ro	n

Álvarez, Regueira & Monteagudo (1986) Álvarez & Xove (2002)

Véxase tamén Santamarina (1974), Fernández Rei (1991) ou Freixeiro Mato (2000)

SOBRE LA SEGMENTACIÓN DE *cantaron*: **cant-a-ron** vs. **cant-a-ro-n** (Santamarina 1974: 22-23)

"Hay sin embargo un problema relativo a la P⁶, *cantaron*, resultante **de su comparación con el Plpf. *cantaran* o con el resto de las personas del propio Pf.** Las soluciones pueden ser dos:

a) No hay duda de que /ra/ en *cantaran* es el SMT del tiempo, puesto que se repite en todas las personas; por otra parte tenemos la experiencia de que /-n/ funciona como morfema NP de la P⁶ en todos los tiempos: *cant-a-n*, *cant-e-n*, *cant-a-rá-n*, etc.

¿Debemos entonces considerar un morfema MT /ro/ para la P⁶ del Pf., eliminada la supuesta característica del plural /n/?

b) Tampoco cabe duda, comparando el paradigma del Pf. con el de otros tiempos cualesquiera, que el morfema NP se comporta en este tiempo de un modo especial [...]. ¿Por qué vamos a analizar entonces /-che/, /-stes/, etc. como SNP y /-ron/ como la suma del SMT /-ro/ + el SNP /-n/?


Cualquiera de las soluciones puede ser aceptada pero creemos más acorde con hechos la que proponemos en primer lugar".

Pero, ¿coinciden as segmentacións (lógicas) dos lingüistas e as segmentacións dos falantes?

Dado que hoxe a lingüística é **mentalista** (pensemos en nomes como *lingüística cognitiva*), esta cuestión é fundamental: aspiramos a representar o que saben os falantes cando falan, os coñecementos lingüísticos dos falantes...

O caso de *cantandes, cantande...* e as **FALSAS SEGMENTACIÓNS** (García-Seco 2012).

fonte: ALGA I



['temos, 'teðes]

['temos, 'tendes]

cantandes

cantandes

Mariño (2014) localiza un *debendes* xa en 1393. [Cabana Outeiro (ed.) (2003): *O Tombo H da catedral de Santiago. Documentos anteriores a 1397*. Valga: Concello de Valga]

Cantandes aparece en zona de *tendes, vindes, pondes*.


Sabemos que *cantandes* se produciu por analoxía con *tendes, vindes, pondes* (Mariño Paz 2014: 258)

Ora ben,
unha posible segmentación lóxica do Presente de Indicativo destes verbos é

teñ-o	veñ-o	poñ-o
te-s	ve-s	po-s
ten	vén	pon
te-mos	vi-mos	po-mos
ten-des	vin-des	pon-des
teñ-e-ñ	veñ-e-n	poñ-e-n

Polo tanto, se a segmentación aparentemente lóxica na 2PI é *-des*, ¿como puido a analoxía crear *cantandes, batendes, partindes*?

Como actuou a *falsa segmentación* (se é que é falsa...)



O cambio analóxico producido:

se tendes, vindes, pondes, logo cantandes

mostra que os falantes crearon un esquema /__ndes/v ⇔ 2PL que analizaba *tendes, vindes, pondes* como *te-ndes, vi-ndes, po-ndes*, contrario á lóxica descritiva *ten-des, vin-des, pon-des*.

É un caso de ***secreción***

A fórmula dada por Martin Haspelmath (1995: 9):

$xyz]_{\text{radical}} \rightarrow xyz\text{-a}$

Reanálise \Rightarrow -za (rst]-za, uvw]-za...)

vin] vindes

ten] + -des \rightarrow tendes

pon] pondes

Reanálise \Rightarrow -ndes

cantandes, collendes, partindes

Ora ben


¿Que proba temos de que a estrutura era *po-ndes, te-ndes, vi-ndes* e non *pon-des, ten-des e vin-des*?

A segmentación *lóxica, ten-des, vin-des, pon-des* non pode producir a analoxía.

Só a segmentación denominada “falsa” *po-ndes, te-ndes, vi-ndes* pode crear *-ndes* e despois estender este sufixo ó resto dos contextos.

PERO, SÓ O CAMBIO PRODUCIDO POLA EXTENSIÓN ANALÓXICA DE *-ndes (cantandes, collendes, partindes)* NOS PERMITE ENCONTRAR A SEGMENTACIÓN REAL QUE FAN OS FALANTES DE *tendes, vindes, pondes* (e dos seus imperativos)!!!

★ iña-, Ind.Pret.Imprf
● sen, 2Sg.Imp



Sobre *sen*, 2Sg.Imp de *ser*

"Igualmente con este tema [*se*] se forma el Imp., que toma para la P² un SNP /-n/ (*sɛn*), inexplicable a no ser por **contagio** con formas como *ten*, *ven*, *pon*, donde /n/ pertenece a la raíz del verbo y no al SF" (Santamarina 1974: 29).

Sobre *iña-*, Ind.Prt.Imprf

"*iña*, *iñas*... (analógicas de *tiña*, *viña*...), propias do occidente da Coruña" (Fernández Rei 1991: 97).

“**Contaminación.** Calquera cambio non sistemático en que a forma dun ítem lingüístico é irregularmente influenciado pola forma doutro ítem asociado a el” (Trask 2000: s.v.)

CONTAMINACIÓN

Vogais radicais



/poN/ 2Sg.Imp de *pór/poñer*

/teN/ 2Sg.Imp de *ter*

/beN/ 2Sg.Imp de *vir*

1. 2Sg.Imp
2. Unidades monosilábicas
3. Tónicas
4. Con vogal medial alta
5. Rematadas en nasal

Vogal temática



/se/ 2Sg.Imp de *ser*

1. 2Sg.Imp
2. Unidades monosilábicas
3. Tónicas
4. Con vogal medial alta
5. _____

¿Transforma isto /N/ nun morfema?

¿É un morfema en *sen*?

¿Vólvese morfema en *pon, ten, ven*?

CONTAMINACIÓN (Juge 2013)

Un cambio analógico que aumentaa irregularidade, no canto de reducila.

Rad + TAM

/pup + a/ Prt.Imprf de *pór*

/tij + a/ Prt.Imprf de *ter*

/bij + a/ Prt.Imprf de *vir*

1. Prt.Imprf
2. Tónica radical alta tónica
3. TAM contén /a/
4. Radical rematado en /ɲ/

Rad + TAM

/i + a/ Prt.Imprf de *ir*

/i + ba/

1. Prt.Imprf
2. Tónica radical alta tónica
3. TAM contén /a/
4. _____

O cambio parece crear unha nova raíz /iɲ/

¿Que entidade ten este /ɲ/?

Morfoloxía baseada no uso / baseada en exemplares

É un modelo palabra e paradigma “puro” (salvo que non ten claras as fronteiras entre fonoloxía, morfoloxía, sintaxe, léxico...)

- A) Non é necesariamente derivativo (construtiva/sintagmática): non sempre ten que haber formas base simples das que outras máis complexas xurdan por algún tipo de transformación.
- B) As regras, restricións, estruturas e condicións de boa formación **non existen** fóra do material almacenado. De feito, non existe unha fronteira clara entre lexicón e gramática.
- C) O uso e o almacenamento crean padróns, unidades, estruturas: a forma da gramática resulta do uso, non preexiste ó uso. A gramática é unha entidade emerxente.
- D) A frecuencia dun tipo **produce e reforza os esquemas que o constitúen**.
- E) Os procesos de **variación** e **cambio** mostran como é unha gramática nun estado de lingua.

○ uso

« ○ uso non pode entenderse como actualización dun sistema (a relación *langue / parole*), senón como causa fundamental da emerxencia das formas lingüísticas: porque este é un credo ben compartido, as formas lingüísticas emerxen do uso. Unha concepción coma esta lévanos a considerar un conxunto de procesos polos que a gramática dos falantes constitúese dinamicamente, **pola exposición ós datos da linguaxe, a categorización das formas exemplares, os procesos analóxicos, a abstracción (esquematización) das formas lingüísticas**" (Legallois & François 2011:8)


Na Morfoloxía baseada no uso, créanse **esquemas** que dan estrutura ó material almacenado

A *esquemización* é unha forma de *abstracción*:

- ◆ Unha *abstracción* é a emerxencia de estrutura a través do **reforzo dos elementos comúns inherentes localizados en experiencias múltiples** (Langacker 2000: 3).
- ◆ Un *esquema* é aquilo común que emerxe de distintas estruturas cando **abstraemos os elementos distintos ó mirar estas estruturas con menos precisión e especificidade** (Langacker 2000: 3).

O mesmo material almacenado pode producir distintos esquemas. É o uso o que nos mostra que esquemas existen.

- As formas irregulares dos verbos están almacenadas na memoria
- As formas regulares dos verbos máis frecuentes están almacenadas na memoria
- As formas regulares infrecuentes son creadas on line mediante analoxía
- O almacenado, en todo caso, son as *formas de superficie* (de feito, as formas básicas só serían precisas para as formas creadas por analoxía)
- Non hai unha oposición clara entre sincronía e diacronía; para EXPLICAR (non só DESCRIBIR) un estado sincrónico, fai falta coñecer a diacronía: O CAMBIO LINGÜÍSTICO É INDICIO DE ESTRUTURA SINCRÓNICA.



As palabras almacenadas
formas redes.

As redes danlle estrutura ás
palabras por medio das
conexións lexicais.

Do almacenamento e a
esquematización xorden as unidades
gramaticais:

- radicais coma:
kom-, bef-, bat-
- sufixos coma:
-o, -e, -des, -a, -i, -N
- padróns acentuais coma:
'(C)V.(C)V en báto, véxo, cómo...

A estrutura real (saber depositado na mente dos falantes) das unidades que promoveron os cambios analóxicos xamais sería visible se desprezamos o fenómeno de cambio.

A descrición que se fixera deses dialectos sería incorrecta.

Moitas grazas!!

- ALGa I = GARCÍA, Constantino / Santamarina, Antón / Álvarez, Rosario / Fernández Rei, Francisco / González, Manuel (1990): *Atlas lingüístico galego. Vol 1. Morfoloxía verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Álvarez, Rosario; Xosé Luís Regueira & Henrique Monteagudo (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez, Rosario & Xosé Xovee (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Blevins, James P. (2006): "Word-based morphology", *Journal of linguistics* 42, Issue 3, 531-573.
- Bybee, J. (2001): *Phonology and language use*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Bybee, J. (2010): *Language, usage and cognition*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Fernández Rei, Francisco (1991): "Conservadurismo e innovación no sistema de desinencias verbais do galego: o perfecto", en D. Kremer (ed.) *Actes du XVIIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*. Tübingen: Max Niemeyer, 632-644.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2000): *Gramática da lingua galega. Vol. II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- García-Seco, David (2012): "Procedimientos de creación léxica marginales: la formación de voces por falsa segmentación", en Elisenda Bernal, Carsten Sinner & Martina Emsel (eds.) *Tiempo y espacio en la formación de palabras en español*, Múchengo: Peniope, 227-238..
- Haspelmath, Martin (1995): "The growth of affixes in morphological reanalysis." en Geert Booij & Jaap van Marle (eds.), *Yearbook of Morphology 1994*. Dordrecht: Kluwer, 1- 29
- Haspelmath, Martin & Andrea Sims (2010): *Understanding morphology*. Oxon, New York: Hodder.
- Juge, Matthew (2013): "Analogy as a source of suppletion", en Ritsuko Kikusawa and Lawrence A. Reid *Historical Linguistics 2011. Selected papers from the 20th International Conference on Historical Linguistics, Osaka, 25-30 July 2011*. John Benjamins, 175-197.
- Langacker, Ronald W. (2000): "A dynamic usage-based model", en M. Barlow & S. Kemmer (ed.), *Usage based models of language*, Standford: CSLI, 1-63.
- Legallois, Dominique & François, Jacques (2011): "La linguistique fondée sur l'usage: parcours critique", *Travaux de linguistique* 62, 7-33
- Mariño Paz, Ramón (2014): "Traxectoria histórica dos resultados galegos do sufixo número-persoal latino –tīs", en Leticia Eirín García & Xoán López Vliñas (eds.) *Lingua, texto, diacronía. Estudos de lingüística histórica*. A Coruña: UDC, 257-290.
- Pena, Jesús (1990): "Sobre los modelos de descripción en morfología", *Verba* 17, 5-75.
- Santamarina, Antonio (1974): *El verbo gallego*. Santiago: USC.
- Saussure, Ferdinand de (1916): *Curso de Lingüística Xeral*. Cito pola tradución galega de Xosé Manuel Sánchez Rei, Santiago, Laiovento, 2005.
- Szijj, Ildikó (2002): "Desdoblamento de morfemas verbais no galego: o sufixo número-persoal na conxugación regular", *Estudis Romanics* 24, 47-69.
- Trask, L. R. (2000): *The dictionary of historical and comparative linguistics*. Edinburg: EUP.